

MATERIAL

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR: Traer no mes de setembro (Xoves 5 de setembro ás 11h).

ROUPA:

***Marcar** o mandilón, chaquetas, gorras, cazadoras, ...co seu nome en **MAIÚSCULAS**.

*Roupa cómoda para a autonomía no baño (pantalóns ou chándales con gomas, sen tirantes ou cintos).

*Poñer unha cinta para colgar no percheiro.

*A mochila será pequena e de colgar nas costas. **NUNCA CON RODAS**.

*Calzado con velcros, non con cordóns.

MANDILÓN:

Será de cor **VERMELLO** (lisos, de raias, cadros...)

*Con botóns e os ollais de cores que se correspondan.

*Os botóns por diante.

*Marcado (pintado, bordado,...) co seu nome escrito en **MAIÚSCULAS** nun lugar visible na parte de diante.

*Se teñen puños serán substituídos por gomas.

TODO ISTO É POSIBLE SI
COLABORAMOS XUNTOS

ESCOLA E FAMILIA



BO VERÁN!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P "A SOLAINA"
R/CARDENAL CISNEROS S/N
15570 NARÓN-A CORUÑA
TLF/FAX 881930373/881930374
E-MAIL ceip.asolaina@edu.xunta.es
NIF Q-6555187-A



EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP A SOLAINA
CURSO
2019-20



INFORMACIÓN
PARA AS
FAMILIAS DOS
ALUMNOS/AS DE
NOVA
INCORPORACIÓN

4º EDUCACIÓN INFANTIL



ORIENTACIÓNS PARA A ESCOLARIDADE

QUERIDOS PAIS E NAIS

Ir á escola é un paso moi importante na vida do seu fillo/a, por iso queremos felicitalos por elixir o noso centro para desenvolver a aprendizaxe dos vosos pequenos e pequenas.

Escola e familia temos unha responsabilidade conxunta e por iso vos achegamos unhas suxestións que teñen como finalidade axudar aos vosos fillos/as na súa adaptación á escola.

PAPÁ E MAMÁ, ESTE VERÁN...

*para vir ao cole é imprescindible que teña adquirido o control de esfínteres e non empregar cueiro.

*deixádemme xogar con outros nenos e nenas que estarán comigo na escola.

*ensínádemme hábitos básicos relacionados co aseo, vestido e alimentación, ir só/soa ao servizo, beber auga, lavarme as mans...

*axustádemme, na medida do posible os meus hábitos de sono e comida ao horario escolar que terei o próximo curso.

*faládemme do colexio coma un lugar bo de aprendizaxe e divertimento.

*axudádemme a ser autónomo!

QUE FAREI NA EDUCACIÓN INFANTIL?

*Aprenderei a descubrir como son. Nenos e nenas somos iguais.

*Farei cousas por min mesmo e sentireime cada vez máis seguro.

*Coñecerei a moitos nenos e nenas e fareime o seu amigo.

*Sentirei curiosidade polo que hai e polo que sucede na miña contorna.

*Axudarei, colaborarei e respectarei aos demais (mestras/es, compañeiras/os).

*Participarei nas festas e conmemoracións do colexio.

*Coñecerei e utilizarei, con creatividade, diversas formas de expresión artística.

*Aprenderei a expresar vivencias reais ou imaginadas a través do xogo, dramatizacións, debuxos,...

*Falarei cos demais e escoitarei. Fareime entender e entenderei o que me din.

*Coa axuda da escola adquirirei hábitos:

-De orde e traballo.

-De hixiene e aseo.

-De saúde e alimentación.

-De sono e puntualidade.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Regulado pola Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros sostidos con fondos públicos, facendo a flexibilización horaria e entrada escalonada ata o **24 de setembro.**

A planificación comunicárase na reunión do mes de setembro. Será un proceso gradual.

POR QUE É IMPORTANTE?

*Os nenos/as sepáranse da 1ª figura de apego e a incorporación gradual vai facilitar a integración.

*Axuda aos nenos/as a axustarse ao horario e aprender as rutinas diarias de forma gradual.

RECOMENDACIÓNS XERAIS:

*Que papá e mamá veñan á escola tranquilos e contentos para que os nenos/as veñan coa mesma actitude.

*Adaptarase máis facilmente á escola o neno/a que está afeito a ter normas (**poucas e claras.**)

*A **puntualidade** é un hábito fundamental xa que si non romperá o horario das rutinas e os nenos/as estarán desubicados cando cheguen tarde.

*Se os nenos/as están enfermos deberedes deixalos na casa para evitar contaxios.

*O centro segue unha campaña de “alimentos saudables”, na que toman pan, froita, leite e iogur.